

Notas sobre a poesía de Xosé Conde

Victor Campio Pereira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

PEREIRA, VICTOR CAMPIO (1991). “Notas sobre a poesía de Xosé Conde”.
Dorna: 17, 65-69. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas
contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/617>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

PEREIRA, VICTOR CAMPIO (1991). “Notas sobre a poesía de Xosé Conde”.
Dorna: 17, 65-69.

* Edición dispoñíbel desde o 13 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

NOTAS SOBRE A POESÍA DE XOSÉ CONDE

Victor Campio Pereira

O BILINGÜISMO

Xosé Conde foi un poeta bilingüe. A súa chegada ó castelán veulle dada —coma a tantos outros poetas emigrantes— por factores alleos á súa intimidade, de forte imposición —ou superposición— sobre a súa lingua materna. Primeiro, dos seis ós doce anos, a forzosa escolarización en castelán na súa aldea de Filgueira (Ourense). Despois, no inicio da mocidade —con deza-sete anos escasos— a súa arrincada de Galicia e o encontro coa cultura arxentina, en Buenos Aires, cidade na que residiu durante corenta e tres anos.

Loxicamente, tan longa ausencia física da Terra remata alleando ó ser máis xebre e trocándolle a súa vida nun drama. Conde sufriu este drama individualmente, na súa propia carne, e colectivamente, na carne dos seus irmáns galegos, sometidos á mesma dor de ausencia. E deste drama, como logo veremos, arrinca a temática de toda a súa produción galega.

As súas primeiras andainas de poeta emigrante, de poeta perdido, —“perdido entre perdidos”—, chora el solidariamente— non foron moi doadas: polo día traballando —como Walt Whitman— nun hospital, coidando enfermos; polas noites asistindo de oínte ás clases de literatura na Facultade de Filosofía e Letras da cidade porteña.

No hospital toma contacto coa miseria humana, coa dor allea, asumíndoas como propias. Na Facultade acada o código de expresión poética que alí lle dan, axeitado á súa nova realidade vital, pero alleo á súa propia natureza psicolingüística e ás vivencias íntimas da súa infancia que son as que, en definitiva, marcan a traxectoria afectiva do ser humano. Esta tivo que a poetizar en galego intuitivamente, desde o autodidactismo, coa única pedagogía do amor á Terra lonxana e perdida. Así naceu —por mor dunha situación diglósica e dun destino migratorio— o seu desdoblamento lingüístico.

En castelán publica cinco libros: *Penas son cantares* (1951), *Canto y Grito* (1956), *Desde el tiempo* (1966), *Otoño en soliloquio* (1972) e *España en lonjas* (1975).

En Galego publica: *Nouturnio de soedades* (1952), *Muiñada noitébrega* (1955), *Terra aluciada* (1959) e *Os meus cantiles* (1981). Escribe tres máis, inéditos: *Flor saudal* (Premio Casa de Galicia, de Nova Iork), *Os penedos xunguidos* e *Abóndanme os paxaros*.

Esta dualidade lingüística comporta unha división temática. Na súa produción conxunta —galega e castelá— confórmase un mundo poético con dous polos que, aínda sendo do mesmo signo doloroso, non se rexeitan dunha banda, en castelán, o tema de España baixo a infamia da historia; da outra, en galego, o drama da emigración, que el padeceu en toda a súa trágica dimensión ata chegar, nun oufego rosaliano, ó desamparo ontolóxico.


Entre estes dous polos de atracción móvese o seu mundo poético. E aínda lle queda un recanto íntimo para a reflexión metafísica e para a expresión amorosa, que enxerga indistintamente, en calquera dos dous códigos. Todo isto xirando sobre un único eixe: a rebeldía fronte ós medios que atacan as liberdades fundamentais do ser humano. Velaí o acerto de Conde: a súa coherencia poética. Na súa cosmovisión non hai escamoteos. El criou un universo poético, coherente e compacto, onde os distintos elementos que o integran están ensarillados de tal xeito, que se confonden nun todo solidario e harmónico.

Esta criación poética, abarcadora dun mundo no seu conxunto, é a que, segundo Leopoldo de Luís, diferencia ó grande poeta do bo poeta. “O bo poeta —di o crítico cordobés— pode amosar, illadamente, pezas de tanta calidade, se acaso, coma outras do grande poeta, pero carece dun mundo poético trabado, onde se rexistre unha comprensión total e propia da vida. Tan só o grande poeta é quen de criar un mundo así, completando harmónicamente pola súa obra total, sen ningunha peza exenta, senón coeficientes todas á progresión do orbe poético”.

Adiamos para outra xeira nestas notas —que só tentan ser divulgativas— a súa poesía castelá (España baixo a infamia da historia) para referírmonos aquí á súa produción galega (o drama da emigración).

CANTOR DA EMIGRACIÓN

Nos dous primeiros libros xa agroma con forza o tema emigratorio como drama colectivo. Pero aquí, ás veces, aínda se deixa levar pola ensoñación telúrica ou polo pranto íntimo. Son poemas onde latexa o alento modernista (Cabanillas) mesturado cos vangardismos da época (imaxinismo, neotrovadorismo...), ó estilo de Bouza Brey, Taibo, Prieto Marcos..., pero cunha forte carga de arrautos incontidos, de rexa personalidade, que xa preludian ó poeta arrebatado de “*Terra aluciada*”. Nestes primeiros libros, Conde tenta fuxir da realidade. E dalgún xeito conséguo. Escribe desde Buenos Aires co corazón posto en



O poeta en Chantada nunha xuntanza de escritores. De esq. a día: Xosé Miranda, Xosé Artiaga, Xosé Conde, Eduardo G. Ananín, Luís Veiga Leitao, Víctor Campio Pereira, Pablo Rubén Eyré.

Galicia. E coma unha renuncia voluntaria á emigración, coma unha fuxida, a través do ensoño, ós seus eidos nativos:

*“Se me levas, camiño,
por roitas de luceiros,
perdín meu corazón
nas nubes do misterio.*

*Se me levas, camiño,
lévame donde veño”.*

Poetiza desde a evasión da realidade, como non querendo asumila. Arrecántase en evocación da terra perdida: a súa aldea de Filgueira, as ribeiras do Miño, as tarefas da labranza, fiadeiros, amoríos, foliadas...

*“Levas na boca amavías
e os teus feitizos me chaman.
Son os teus peitos cotovías
que me cantan.*

*Na pradela do teu corpo
teño de ceibar volallas.
Meus ollos de labaredas
han madurecer laranxas
no verdume da túa carne,
lilaila”.*

Tenta reconstruí-lo seu pasado feliz alá na virxiliana paz dos agros da súa adolescencia:

*“¡Ai, a doncela belida,
belida de namorar,
por meus carreiros florida!
¡Ai, miña doncela espida!*

Aínda que por veces xa se lle aparece a pantasma da emigración —a chamada do mar—, como “fatúm” galaico. Son sentimentos, premonicións, que lle aniñan no sangue a través dos ancestros:

*“O dedo do destino móstrame, madre, o mar.
¡Ai, madre, sei de certo que o teño que cruzar!*

*A barca do meu siño xa agarda no areal
e á medianoite hei ver, pra me ir, o sinal.*

*Hai algo que me chama da outra banda do mar.
¡Ai, madre, sei de certo que o teño que cruzar!”*

Pero ás veces a ensoñación esváese e topa coa realidade. Entón, o verso inxel tórnase írtigo e aparece o poeta rebelde, denunciador de aldraxes:

*“¿Quen te castiga a marchar,
ámago dos meus rochedos?*

*¡Ai, anafil dos teus ósos!
¡Ai, o teu sangue en novelos!*

*¿Que vas buscar ó alén mar,
que vas buscar, labrego?*

*Basta de levar na alma
este vágado de pregos,
e en vez de saíres ti
bota pra fóra ós morcegos”.*

TERRA ALUCIADA

Aínda que en *Muiñada noitébrega* xa ensaia con éxito o emprego do versículo, sen regularidade estrófica, é en *Terra aluciada* onde conecta decididamente con esta forma métrica, máis axeitada ó seu arrebatado lirismo —en versos paralelísticos con acentos de salmo— para chorar angurias e denunciar aldraxes. A emigración, para Xosé Conde, é unha lacra social, unha traxedia humana, que compre eliminar. Non reporta ningún bene-

ficio e si tódalas desgracias. Nin tan sequera como “fuxida da fame” é valedía, porque outra fame máis negra —a saudade— acaba recoméndolle as entrañas ó emigrante. Desde esta concepción negativa e desde o ataque frontal para quen consente e promove esta aldraxe, vaise estruturando o libro, con subtemas entrecruzados entre os que subliñamos: 1) o pranto —compartido— na anguria do desterro; 2) a urxente chamada ós galegos para que nunca abandonen a Terra; 3) a teimosa cisma no regreso.

No tocante ó regreso, o poeta é contundente: hai que voltar á Terra sexa como sexa. O seu fondo lévao a reclamar non só o regreso dos vivos, senón tamén dos mortos:

*“Quero voltar. Pro antes hei de ir xuntando as cinzas de todos,
petando en tódalas portas,
berrando nomes
pra que vaian espectros ollala cara a cara...
Hai que voltar pra afundirse nela
e morderlle o carazón”.*

Estes elementos encorcíllanse entretecendo un corpus poético onde o drama individual se mergulla na traxedia colectiva. É un novo xeito de entende-la emigración, non desde a torre de almasí do seu intimismo, senón desde a fiestra da súa alma aberta ás desventuras do pobo, sufrindo e chorando con el.

Eduardo Blanco-Amor foi un dos primeiros en ver na poesía de Conde esa dimensión. Por aquel entón xa saudou a aparición do libro con estas palabras: “...é, desde logo, a mellor testemuña lírica sobre o tremendo drama emigratorio tratado por alguén que o viviu, non só ensimesmado, senón en conciencia, compartíndose na alma dos outros... Estes versos son outro mundo, parten doutra admisión e manexo da angustia, son a verdade como vida, non como exercicio mental. Nesta poesía de Conde estímase un berro que vale como unha primeira testemuña da poesía galega emigrada, que denantes del non se dera nesta dimensión e fondura... E hai que o dicir desde aquí (Buenos Aires) porque desde alá (Galicia) tal vez non haxa oídos para oílo...”.